

---

# TÉCNICAS FREINET DA ESCOLA MODERNA

Texto de CÉLESTIN FREINET

Tradución e epílogo de ANTÓN COSTA

Imaxe de portada de VICENTE BLANCO

---

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 240 páx. 17 €.  
ISBN 978-84-8464-492-7. Biblioteca de Pedagogía, nº 9.

*A pedagogía Freinet da escola moderna ten a pretensión de chegar as respostas indispensables, e non só respostas teóricas sempre fáciles, senón, sobre todo, a proba de que as teorías xenerosas dos grandes pedagogos poden volverse realidade, como ocorre xa en miles de escolas nas que afirmaron os seus beneficios, de modo que hai unha esperanza nos camiños aínda caóticos do futuro...*

Célestin Freinet practicou unha nova maneira de entender a escola, partindo da idea dos nenos e das nenas como persoas completas con grandes capacidades e desenvolvendo as súas destrezas para a aprendizaxe de forma autónoma. Este pedagogo sostiña que o centro da escola está nos educandos, non nas materias. Neste sentido, as súas propostas incidían na necesidade de substituír as leccións dende a cátedra por métodos activos e participativos baseados no tanteo experimental para afianzar a aprendizaxe dende a investigación, a experiencia e a experimentación.

Coas súas ideas, Freinet diferenciouse das referencias pedagóxicas anteriores: “É a primeira vez na historia da pedagogía que un intento de renovación parte radicalmente da base”. Freinet impulsou unha pedagogía moderna que achegou novas técnicas, modernizou o material escolar e os instrumentos, empregando a tecnoloxía da época como soporte para adquirir coñecemento. Comprometido cos máis desfavorecidos, o seu campo de traballo foi a escola rural, cuxo alumnado eran os fillos e as fillas do campesiñado.

Entre as súas innovacións destacaron a introdución nas aulas da imprenta para reproducir textos libres escritos polo alumnado, a correspondencia interescolar e o intercambio de experiencias con outros centros ou a asemblea e a cooperativa da clase; mais tamén o cinema, a radio e os discos. Promoveu a clase-paseo para favorecer o interese pola natureza, a observación e a escoita, a formulación de preguntas e a busca de respostas. Potenciou as matemáticas a través do cálculo como instrumento para medir campos, calcular prezos e pesar obxectos. Ademais, apostou pola aprendizaxe da lectura dende unha visión comprensiva.

Como dicía Freinet, o reto estaba en “mudar as relacións entre Escola e Vida, entre nenos e mestres, para adaptar e readaptar a escola ao medio”, procurando un mellor rendemento. Milleiros de colexios en Francia e noutros países implantaron o seu modelo.



- **Temática:** renovación pedagóxica.
- **Receptores:** educadores.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: «[A cidade dos nenos](#)» e «[Cando os nenos din Basta!](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; e «[Carta a una profesora](#)» da Escola de Barbiana.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-tecnicas-freinet-g>

## Célestin Freinet

(Francia, 1896 - 1966)

Iniciou a súa traxectoria como mestre nos Alpes. Escribiu artigos en revistas especializadas e participou en congresos alentando unha nova escola popular proletaria. En 1926 casou coa mestra Élise Lagier-Bruno, creou a *Coopérative de l'Enseignement Laïc* e dirixiu a publicación *L'Éducateur Proletarien* mentres militaba no Partido Comunista e no sindicalismo. En 1935 puxo en marcha unha escola libre experimental en Vence para alumnado con escasos recursos. Durante a II Guerra Mundial formou parte da Resistencia contra o Goberno de Vichy e estivo preso. Trala súa liberación e a fin da II Guerra Mundial, retomou a actividade docente. En 1948 a cooperativa transformouse en Instituto Cooperativo da Escola Moderna (ICEM), en Cannes, para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de toda Francia. En 1957 creou a Federación Internacional de Movementos para a Escola Moderna. Célestin e Élise Freinet tamén escribiron un considerable número de textos pedagóxicos.